

CONSUMIÑA E CONSUMIÑO EN

XOGUETES SEGUROS!



XUNTA DE GALICIA



O AVÓ



O PAI



CONSUMIÑO



CONSUMIÑA



A NAI



A AVOA

ESTE CADERNO PERTENCE A:

EDITA

Instituto Galego do Consumo e da Competencia. Xunta de Galicia

DESEÑO E ILUSTRACIÓNS Fausto Deseño Asociados

DEPÓSITO LEGAL C 1828-2020



O Instituto Galego do Consumo e da Competencia é o organismo da Xunta de Galicia encargado da protección e a defensa dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, así como do impulso e o desenvolvemento da educación e a formación no ámbito do consumo a través da Escola Galega de Consumo.

O obxectivo xeral é darlles resposta ás demandas formativas e educativas dos distintos sectores da poboación galega, entre eles as nenas e nenos en idade escolar.

Por isto, a Escola Galega de Consumo pon a disposición dos máis pequenos da casa, e tamén do resto da comunidade educativa, ferramentas adaptadas á súa idade, capaces de transmitir dunha maneira lúdica e gráfica a importancia de adquirir coñecementos no eido do consumo, descubrir a relevancia de estar informado e procurar que as nenas e nenos cheguen a comprometerse co consumo responsable.

A través deste conto, as persoas educadoras poderán incentivar unha aprendizaxe e un comportamento responsable nos máis pequenos á hora de adquirir, usar e gozar de bens e servizos na vida cotiá. Agardamos que sexa do agrado e interese de todas e todos.

Aprendamos divertíndonos con Consumiña e Consumiño!!!





Consumiño e Consumiña hoxe fan sete anos, e a familia vailles mercar uns xoguetes. Están moi nerviosos porque non saben que van escoller, mais tamén porque terán que revisar a súa correcta etiquetaxe, tal como lles explicaron no Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

—Anda, avoa! Este é un xogo de pescar, como fas ti cando vas co avó apanar robalizas.

—E para este seguro que non fai falta carné de pesca como o que temos nós.

—Aquí pon que leva dúas pilas e explica como se poñen. Temos que compralas á parte porque non veñen co xoguete. Soamente funciona coas pilas, e non hai que enchufalo. Se fose así, tería que poñelo ben clariño na caixa!

—Pois mercamos pilas recargables.



*A este debuxo fáltalle cor:
afía os teus lapis e dállo ti!*



—Avoa, a min gústame este, pero teño que ver máis para decidirme. Mira, ves estas dúas letras: CE?

—Si... Pero non sei o que queren dicir.

—Son moi importantes porque significan que o fabricante manifesta que é un xoguete seguro, que cumpre as normas de seguridade que marca a Unión Europea. Teñen que levalo todos os xoguetes.

CE O símbolo CE significa Conformidade Europea.




Axuda a Consumiña a atopar o camiño correcto ata chegar á Conformidade Europea:

—Aquí hai tantas cousas para elixir que vou tolear. Igual pido un videoxogo...
—Prefírelo a eses crebacabezas que tanto che gustan?
—Non sei, tamén é moi chulo. E ademais é un PEGI7. Como xa teño sete anos, podoo mercalo.



PEGI: Pan European Game Information.
Clasificación dos contidos por idades;
existen seis categorías.




*A este debuxo fáltalle cor:
afía os teus lapis e dállo ti!*



*Onde se deben poñer as instrucións dos xoguetes?
Busca as solucións nesta Sopa de letras:*

—Como me gustan estes coches teledirixidos! Leme as instrucións, mamá, para ver como funciona.
—A ver onde están...
—No Instituto Galego do Consumo e da Competencia dixéronnos que todos os xoguetes teñen que levar as instrucións. Poden estar dentro do envase, nun folleto, ou ben impresas na mesma caixa. En galego ou castelán, ou nos dous idiomas, mami.



—Podo mercar este crebacabezas se me axudas a montalo, eh, avó? Aquí pon que é para 6/8 anos. E, mira, tamén pon que os de menos de tres non poden xogar con el.

—Si, o teu curmán Iago xa non podería.

—Non, porque as pezas son moi pequenas e os cativos poden mancarse!



Símbolo 0/3: Non recomendado para menores de 3 anos.

*A este debuxo fáltalle cor:
afía os teus lapis e dállo ti!*





—Sabes, Consumiño? Gústame ler as etiquetas dos xoguetes! Non sabía que podía ser tan divertido buscar a información. Como nos dixeron no Instituto Galego do Consumo e da Competencia, os xoguetes deben levar a marca CE, o nome do fabricante, a idade recomendada, as instrucións, o número de pilas que necesitan, se traballan coa corrente ou non...

—Menos mal que xa sabemos ler, e así podemos axudar os nosos pais a escoller os xoguetes!

Propoñémosche un xogo!

Monta este xoguete seguindo as instrucións.

Busca unha caixa axeitada e ponlle a información que toda persoa consumidora debería coñecer. Ah! E non te esquezas de poñerlle nome!!!

1. Recorta o cadrado pola liña continua azul.
2. **Dobra o papel pola liña descontinua gris.**
3. Pégao polas lapelas.
4. **Busca ou constrúe con cartolina unha caixa na que se poida embalar o dado.**
5. Con rotuladores e lapis de cores, rotula a caixa do teu novo xoguete, tendo conta de poñer a información necesaria para o consumidor.
6. **Por último, podes envolverla nun papel bonito e regalarlla a alguén.**



XOGUETES SEGUROS



galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA